

Alleo

A vixía nun acto de vulnerabilidade

Observación, vixía e tempo de espera.

Alleo é a última creación para espazos non convencionais de Esther Latorre e Hugo Pires, elxs son Colectivo Glovo, un dos proxectos que, sen ningunha dúbida, representa a calidade e o talento da danza contemporánea galega. Glovo nace como entidade en 2016 e afínase en Galicia en 2019, confeccionando, dende un primeiro momento, un forte tecido no sector da danza en Galicia. A través das súas creacións, o comisariado das residencias Atopémonos Bailando e o festival Cartografía en Movemento, ambos proxectos en Lugo, Esther e Hugo loitan, dende a periferia, polo acceso da cidadanía ás artes do movemento, así como o coidado das artistas que visitan ou comparten algún dos múltiples proxectos que xestionan.

Esther Latorre, luguesa, da primeira promoción do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, único centro de formación profesional de danza en toda a comunidade, e Hugo Pires, orixinario de Portugal, tras pasar por diferentes proxectos como intérpretes, están centradxs actualmente na dirección de Glovo. O seu proxecto destaca pola busca e investigación constante das posibilidades do movemento e usos do corpo como instrumento dancístico. As dinámicas, composicións e estruturas complexas son un selo meridiano nas súas propostas artísticas.

Nesta ocasión falamos de Alleo, unha peza apoiada pola compañía co apoio do Concello de Lugo e Galicia. Alleo baséase na idea da atalaia, esa construción tan habitual no pasado das cidades amuralladas ou das localidades con mar, que permitía ao vixía atoparse nun nivel privilexiado fronte ao resto do pobo. Un espazo con altura suficiente para observar e vixiar o funcionamento correcto de cada membro da cidadanía que forma parte dese foco xeográfico. En Alleo, maniféstase a sensación de soidade dende dúas bandas, a aprendizaxe da observación e o acto constante da busca de aprendizaxe. Un vivir nun privilexio que xera un auto-coñecemento contrapóndose, á súa vez, ao vixía e á figura do vixiado, dende a loita e afán de superación, partindo de como un individuo aparentemente libre debe cingirse a cada unha das normas do seu contexto.

Este imaxinario imprímese ou tradúcese nun código de corpo, que plasma perfectamente as diferentes emocións que transitan nun individuo cunha realidade con esas características: a sensación de loita e de perda, á vez que de desorientación, privilexio e respecto. O vixía e o vixiado son habitados por ambos intérpretes nunha simbiose que muda de forma constante e que permite a cada espectador construír unha nova lectura en cada función vivida.

Como xa é habitual no selo de Glovo, a súa capacidade para metamorfosear o seu corpo dun lugar a outro, permite a Latorre e Pires ser instrumentos para conectar o imaxinario da peza coas experiencias persoais do espectador. Alleo é ata hoxe, unha obra de impacto xerada cun absoluto coidado e atención coas espectadoras en cada unha das súas funcións.

Dende unha análise máis técnica, Alleo é un alarde de excelencia tanto no plano coreográfico como interpretativo. O seu esquema compositivo, en canto a ritmo, evolución e proposta de presenza escénica e corpo en movemento, resulta precisa e equilibrada. Ademais, o uso das dinámicas no el material coreográfico, o traballo dos cambios de calidade e o uso do nivel, ao longo de toda a peza, son gratamente sorprendentes. Outro dos talentos de Glovo, claramente representado en Alleo, é a relación entre corporeidade e espazo sonoro, a súa musicalidade case

debuxa, dende os ollos da espectadora, cada unha das notas das pezas musicais que os acompañan, o que permite obter unha experiencia visual moi pracenteira durante a realización de todo o espectáculo.

Esther e Hugo coñecen os seus corpos, a forma das súas ferramentas, saben como potencialas e como xestionar as súas capacidades sempre en favor da obra. A pesar do complexo que pode ser bailar en espazos non convencionais, debido ao tipo de chan, á súa inclinación, ás temperaturas, etc., ambos intérpretes conseguen, en cada unha das funcións de Alleo, xerar unha relación entre obra, corpo e ollo observador.

Alleo é un punto e seguido no percorrido creativo desta parella artística, a través da súa investigación dende 2016 pasa por obras tan diversas como MAPA (2016), EM.NA (2020) ou Tabú (2021). A súa constante busca de investigación nunha liña de creación que, aínda que cada obra se rode de historias moi diferentes, fai recoñecible a súa autoría, e a súa identidade en espectáculos a través deses firmes trazos que caracterizan a compañía.

Alleo tivo ata hoxe un longo percorrido: Galicia, Asturias, Euskal Herria, Castela e León, Castilla-La Mancha, Baleares, Canarias, Madrid e Valencia, así como Italia ou Portugal, son só algunhas das comunidades e países que tiveron a oportunidade de ser visitadas por Glovo e o seu Alleo.

Son todas estas miradas as que conforman a experiencia da vixía, onde o pobo se converte en ser observador, e artista no elemento vixiado, onde esa atalaia se transforma nunha escena aberta e a cidade no patio de butacas dun teatro.

Esperemos que Glovo teña moitas oportunidades máis de subirse a esa torre e facer viaxar a cada espectadora dende o seu imaxinario ás terras galaico-portuguesas.

By Xian Martínez

ERREGUETÉ #106

<https://www.colectivoglovo.com/>